



OS CACHORROS DE MARÍA VICTORIA MORENO

Sería moi difícil entender a obra de María Victoria Moreno sen termos en conta o seu amor polos animais. Nuns tempos nos que había ben menos conciencia, a autora era xa unha abandeirada do benestar animal.

É doado rastrexar ese compromiso nos seus libros. Nesta ficha imos reparar en dous deles. O primeiro, *E habrá tirón de orellas?* (1997), conta a historia de Alma, unha cadeliña “bonita e pequena” que un día decide marchar da casa.



**Camiña cara a ningures
Alma, a travesa cadela,
e vai coa calma do sol,
que nin para nin ten présa.
-Que buscas?- pregunta un moucho
que nese momento esperta.
-Volve á casa- di a voz rouca
dunha curuxa moi vella.**



ACTIVIDADE:

- ☐ Saberías dicir quen é o moucho e quen é a curuxa? Investiga algo máis sobre estas aves rapaces que viven nos bosques galegos.



Na aventura de Alma axiña aparecen os problemas: coa chegada da noite tamén veñen os medos.



As sombras ían a máis
e delas saía un medo
que era coma un bicho grande
peludo, frío e noxento.

Despois da noite chega o amencer e a cadelinha emprende a volta á casa, consciente de que non actuou tal e como debera.

Por iso cala e matina,
pon en orde as súas ideas,
bota en falta a súa familia
e cara ao lar corre á présa,
aínda que o camiño é moi longo
e haberá tirón de orellas.



A protagonista do libro *E habrá tirón de orellas?* ben podería ser a cadela da autora, que tamén se chamaba Alma e era considerada unha máis da familia. Como sería o amor de María Victoria por ela que celebraba os seus aniversarios repartindo lambonadas entre as nenas e os nenos do parque!



ACTIVIDADE:

Tes un animal polo que sentes especial agarimo?
Descríbenolo neste pasaporte!

NOME

ESPECIE

DESCRIPCIÓN FÍSICA.....

COMIDA FAVORITA

NO TEMPO DE LECER GÚSTALLE:

.....
.....



Oito anos despois, en 2005, María Victoria publica *Eu conto, ti cantas...* En dúas das tres historias os animais teñen un papel central. Así, “Can branco, can negro” narra o feliz encontro de Nicolau e Correcamiños, dous cans de moi diferente condición que acaban facéndose amigos. Mentres que o primeiro “foi recibido por todos / con aloumiños e festas”, o segundo tivo uns inicios moito máis difíciles:

Correcamiños naceu
na beiravía da estrada
onde un home malo e feo
botara a cadela branca,
que levaba na barriga
seis cadelinhos de nata.



No outro relato, “Un cachiño de bica?”, a autora cóntanos un suceso extraordinario. Mentres o protagonista come só nun restaurante, saen letras dunha cunca para compoñer a historia de amizade entre o neno Iván e a súa cadela Nica.

Busquei a Iván e a Nica
na lúa do prato
e chiscáronme o ollo
na auga do vaso,
onde xogaban ao abellón, á estornela
e á buxaina.



Se che gustou o conto,
ben cho agradezo.
Quero mandarche un bico
máis un consello:
fai como Iván:
busca o amor nos ollos
doces dun can.

